

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: CPI AURELIO MARCELINO REY GARCÍA  
CURSO: 4º ESO  
MATERIA: TICS  
DEPARTAMENTO: DEBUXO  
DATA: 11/05/2020

## **ÍNDICE**

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Identif. criterios	Comp. Clave	Estándares de aprendizaxe
TIC-B2.1	CD, CMCT, CAA	4º-TICB2.1.1 - Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.
TIC-B2.1	CD, CMCT	4º-TICB2.1.2 - Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático.
TIC-B2.2	CD, CMCT, CAA	4º-TICB2.2.1 - Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes.
TIC-B2.3	CD, CMCT	4º-TICB2.3.1 - Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.
TIC-B2.4	CD, CMCT	4º-TICB2.4.1 - Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.
TIC-B2.5	CD, CMCT, CCL	4º-TICB2.5.1 - Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.
TIC-B3.1	CD, CMCT, CCL, CAA, CSIEE, CCEC	4º-TICB3.1.1 - Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.
	CD, CMCT, CCL, CSIEE	4º-TICB3.1.2 - Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos.
	CD, CMCT, CAA, CSIEE	4º-TICB3.1.3 - Elabora bases de datos sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos.
TIC-B3.2	CD, CMCT, CCL, CAA, CSIEE, CCEC, CSC	4º-TICB3.2.1 - Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido.
	CD, CMCT, CCL, CAA, CSIEE	4º-TICB3.2.2 - Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.
TIC-B1.1	CD, CSC	4º-TICB1.1.1 - Interactúa con hábitos adecuados en con-tornos virtuais.
	CD, CMCT	4º-TICB1.1.2 - Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.
TIC-B1.2	CD, CAA, CSC, CCEC	4º-TICB1.2.1 - Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información.
TIC-B1.3	CD, CAA, CSC	4º-TICB1.3.1 - Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web.
	CD, CSC, CCEC	4º-TICB1.3.2 - Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<b>Procedementos:</b> Análise das producións dos alumnos/as.
	<b>Instrumentos:</b> Caderno de clase. Rúbrica
<b>Cualificación final</b>	<b>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</b> Farase a media das cualificacións obtidas na 1ª e na 2ª avaliación. A realización das tarefas propostas no 3º trimestre servirá para subir ata un máximo de 2 puntos a nota media das anteriores avaliacións. Estes 2 puntos se dividirán proporcionalmente entre o número de tarefas propostas ao longo do trimestre. Ao alumnado que realice todas as tarefas de forma correcta sumaráselle estes 2 puntos á nota media das avaliacións anteriores.
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	Consistirá na realización dunha proba de carácter mixto que combine preguntas obxectivas, preguntas abertas, resolución de exercicios e problemas, e a realización de producións plásticas segundo as instrucións marcadas.
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<b>Criterios de avaliación:</b> É imprescindible a realización e entrega das tarefas de reforzo e repaso propostas pola profesora.
	<b>Criterios de cualificación:</b> Cada tarefa realizada estará cualificada do 1 ao 10. Cada tarefa terá un peso proporcional na nota final da materia. As tarefas non entregadas obterán unha cualificación de 0.
	<b>Procedementos e instrumentos de avaliación:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Procedementos: análise das producións dos alumnos/as.</li> <li>• Instrumentos: caderno de clase, rúbrica.</li> </ul>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	As actividades propostas son fundamentalmente de recuperación, repaso e reforzo das aprendizaxes traballadas nas anteriores avaliacións.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	A metodoloxía será non presencial. As instrucións e os materiais de apoio precisos para a realización de cada tarefa colgaranse na aula virtual correspondente. No caso do alumnado sen conectividade faráselle chegar a través do servizo de fotocopias que oferta o concello. Manterase contacto periódico co alumnado a través do correo electrónico, vídeo conferencia e teléfono, para acompañar ao alumnado no desenvolvemento da tarefa e axudalo coas dúbidas e problemas que xurdan.
<b>Materiais e recursos</b>	Fundamentalmente recursos e materiais didácticos relacionados coas Tics: webs, recursos audiovisuais, gamificación, presentacións interactivas, etc... obtidos de internet e tamén elaborados pola profesora.

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado. A través dos medios de comunicación habituais dende que se decretou o confinamento: correo electrónico e tokapp.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.